



GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

Depende



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



Confederación de  
Empresarios de Lugo



Confederación  
empresarial de  
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTATAL

## Depende

*Depende. De que depende? De segundo como se mire, todo depende* 

Sóache, verdade?

É o retrouso da coñecida canción do estrañado Pau Danés.

Un verdadeiro canto contra as verdades absolutas e a imposición das ideas propias sen considerar que existen outras diferentes, que hai que escoitar aos/as demais.

Pau lembrábanos, con esta melodía, a famosa frase de Ramón de Campoamor:

*“Neste mundo traidor, nada é verdade nin mentira, todo é segundo a cor do cristal con que se mira”.*

En todo caso, escoitar a canción serve para lembrar que as verdades absolutas non son certas, non existen.

Valga de exemplo que as estratexias para non fallar nas respostas dun exame tipo test inclúen *“eliminar todas as respostas que conteñan as palabras nunca, sempre, todo, ningún”*, dando por feito, por lóxica e sentido común, que serán erróneas.

E no camiño cara á igualdade real, como aplica isto?

Pois pasar das verdades absolutas, do branco e o negro, á diversidade heteroxénea dunha sociedade *“en cor”*, variada, máis rica.

O feminismo é un movemento que xa empezou hai séculos, para avanzar na conquista dos dereitos das mulleres, do camiño cara a unha sociedade máis xusta, pero de forma pacífica. Convencendo e facendo reflexionar.

A nivel social, trátase de comprometerse a favor da xustiza social, os dereitos humanos e a capacidade para aceptar a igualdade e a liberdade para todos e todas.

E, concretamente no ámbito laboral, trátase dun compromiso para traballar de forma activa no fomento da igualdade en todos os procesos das organizacións, desde o recrutamento e a selección de persoal, pasando pola contratación, a promoción interna, o equilibrio retributivo, ata as políticas de conciliación e o fomento da corresponsabilidade. Para elas e para eles.

Isto sería a igualdade:

- Sumarse á (xusta) demanda de igualdade e respecto para todo o mundo.
- Erradicar a intransixencia e aceptar que non existe unha soa verdade, que cada quen ten a súa.

A única verdade é que non existe a verdade única: **DEPENDE.**